

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 I

DONA SONIA CAMPOS ARES, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA), segundo resolución da Dirección Xeral de Administración Local, Consellería de Vicepresidencia, AAPP e Xustiza da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 2014,

CERTIFICO: Que con data do dezaseis de maio de dous mil dezasete, o señor alcalde ditou o decreto que transcribo literalmente a continuación:

"DECRETO DE ALCALDÍA 172/2017"

Asunto: Aprobación das bases de selección que rexerán a elaboración dunha listaxe para a contratación de dous traballadores de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais subvencionada pola Deputación da Coruña ao abeiro do Programa de Integración Laboral dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante a anualidade 2017 (PEL-CONCELLOS).

Tendo necesidade este Concello da contratación laboral temporal de dous traballadores **(dous peóns, un durante catro meses e outro ata o 31 de decembro de 2017)**, a xornada completa, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado, condicionado o contrato á concesión da achega publicada no BOP nº 63, do 3 de abril de 2017, e as bases do Programa de Integración Laboral mediante execución das obras e servizos mínimos municipais dos Concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a anualidade 2017, publicada no BOP nº243 do 26 de decembro de 2016, a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal.

Logo de finalizárense o 26 de abril de 2017 a elaboración das respectivas bases.

Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención (emitido o 12 de maio de 2017 en relación á miña proposta do 5 de maio de 2017), no que non se fan constar expresamente observacións de reparo (e indicase que "(...) PRIMEIRO.- (...) considérase axustado á legalidade a contratación de persoal laboral para a cobertura deste posto. (...) TERCEIRO.- (...) o sistema selectivo de concurso libre recollido nas bases considérase axeitado á legalidade. (...) SEXTA.- (...) verifícase a existencia de crédito máximo, conforme o sinalado no informe de estimación de custo salarial, na aplicación presupostaria 1532.13100 por importe de 9.423,87€ e por importe de 3.447,36€ na aplicación 1532.16000. - Organo competente: a alcaldía por advocación singular da atribución delegada na Xunta de Goberno Local conforme decreto 294/2015 (...)"

Considerando canto dispón a lexislación aplicable, e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1.a) e g) da Lei 7/85, do 2 de abril, e concordantes

RESOLVO

1.- Advocar singularmente neste caso (para poder iniciar a prestación do contrato á maior brevidade posible) a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 294/2015, do 6 de xullo de 2015, correspondente a "aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo".

2.- Aprobar as bases que quedan incorporadas como anexos de resolución, e autorizar o gasto correspondente. Nas bases indícanse as funcións e tarefas obxecto de contratación, requisitos específicos das persoas aspirantes, duración máxima des contratos, retribucións, tipo de contrato, criterios de selección das persoas candidatas e sistema de publicidade da convocatoria (segundo as bases da subvención que financia os contratos).

3.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado no punto 7º das bases, á técnica xurídica



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 I

do Concello, Dona Sonia Campos Ares.

4.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas."


E para que conste no expediente de referencia en cumprimento do art. 177.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido o presente, que consta de dúas páxinas, por min numeradas e seladas co carimbo do Concello por orde e co visto e prace do señor alcalde, por duplicado e a un só efecto. Carral, dezaseis de maio de dous mil dezasete.

Vº e Pr.
O alcalde



José Luís Fernández Mourino





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS TRABALLADORES/AS DE OBRAS PÚBLICAS PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, ANUALIDADE 2017.

1.-OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a elaboración dunha listaxe para a contratación de dous traballadores de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos do Concello, dous peóns, por un período de catro meses o primeiro e ata o 31 de decembro de 2017 o segundo. Os/as interesados/as, no caso de optaren aos dous postos, deben deixar claro en cal dos dous desexan ter preferencia.

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado, a xornada completa, condicionando o contrato á subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a través da resolución 2017/10153 publicada no BOP do 3 de abril de 2017 e das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 243 do 26 de decembro de 2016, resolución 2016/31551.

A obra ou servizo determinado obxecto da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS) está integrado no Plan de Emprego Local 2016-2019, cuxo obxectivo principal é contribuir á xeración de emprego e actividade económica e apoiar aos concellos da provincia para que presten os servizos mínimos, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

2.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS

2.1.- Os traballadores e traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

2.2.- Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.

b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.

c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

d) Estar incluídos/as, segundo o previsto no punto 2.1 da bases da convocatoria da subvención, nalgunha das situacións de exclusión social.

DILIXENCIA: Para facer constar que o Concello de Carral aprobou de acordo coa Comisión de Evaluación e tomou razón da lista dos candidatos a día 16 de maio de 2017
O SECRETARIO ACCTAL



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 1

- mulleres
- maiores de 45 anos
- persoas con discapacidade: persoas que teñan recoñecida unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- persoas desempregadas de longa duración: a efectos deste programa terá esa condicións aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- persoas en situación de drogodependencia.
- persoas que vivan nun fogar onde ningunha delas teña emprego.
- personas en fogar monoparental ou monomarental.
- persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- persoas vítimas de violencia de xénero.
- persoas sen fogar.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez publicado o correspondente anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello (www.carral.es) iniciárase o prazo para a presentación de solicitudes que será de **CINCO DÍAS HÁBILES**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e nas oficinas municipais as bases co modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As persoas que desexen participar nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carral que se presentará no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, deberase remitir copia da solicitude ao fax do Concello (981672282) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes para ter constancia das persoas interesadas no procedemento.

A selección realizarase mediante o **sistema de concurso**, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes, e dunha **entrevista de carácter profesional**.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de tal maneira que, se algún dos seleccionados causa baixa por IT, maternidade, renuncia, etc, o Concello tirará desa bolsa para cubrir o posto vacante e polo tempo límite da subvención da Excm. Deputación da Coruña, é dicir, catro meses ou ata o 31 de decembro de 2017 dependendo de a cal dos dous postos se optase. Seleccionarase ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

No suposto de que conste en poder do Concello documentación acreditativa conforme a que a persoa que vai ser chamada para o posto xa está traballando, ben sexa para o propio Concello, para calquera outra administración ou para unha empresa privada, entón non se procederá ao seu chamamento, pasando a seleccionarse á persoa seguinte da lista.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases (anexo I) e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carral en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres así como por calquera dos medios que establece o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:



DILIXENCIA: Para a presentación da instancia aprobou de forma definitiva e definitiva tomou razón (seja) a documentación a día 16 de 5 de 2012
SECRETARÍA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

- a) Copia compulsada polo Concello de Carral ou notario do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- b) Anexo II. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 2.d destas bases: informe de vida laboral actualizado, copia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente, DNI, informe dos servizos sociais municipais ou calquera outra documentación que poida acreditar as recollidas circunstancias.
- d) Documentación que acredite que se remataron favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.
- d) Contratos de traballo acompañados de informe de vida laboral actualizado.
- e) Anexo III. Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada polo Concello de Carral ou notario.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS: (10 puntos)

5.1.- Circunstancias persoais: (5 puntos)


- a) mulleres: 0,5 puntos
- b) maiores de 45 anos: 0,5 puntos
- c) persoas paradas de longa duración: 0,5 puntos
- d) persoas con discapacidade: 0,5 puntos
- e) persoas en situación de drogodependencia: 0,5 puntos
- f) persoas que vivan nun fogar onde ningunha delas teña emprego: 0,5 puntos
- g) persoas en fogar monoparental ou monomarental: 0,5 puntos
- h) persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais: 0,5 puntos
- i) persoas vítimas de violencia de xénero: 0,5 puntos
- l) persoas sen fogar: 0,5 puntos

DILIXENCIA: Para facer constar que ALCALDE/ALCALDESA aprobou este expediente de selección / definitivo / temou rema (este documento a día 16 de 5 de 2017)
O SECRETARIO LOCAL

As circunstancias anteriores acreditaranse con orixinais ou copias compulsadas expedidas polas oficinas do Servizo Público de Emprego, polos servizos sociais municipais, pola Administración Autonómica, etc a través de informe de vida laboral actualizado, copia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente, DNI, informe dos servizos sociais municipais ou calquera outra documentación que poida acreditar estas circunstancias persoais.

5.2.- Experiencia profesional e formación especializada: (3 puntos)

- 0,05 puntos por mes traballado en postos con funcións iguais ou similares aos que se pretende ocupar: ata un máximo de 1,5 puntos.
- 0,05 puntos por hora de formación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e por cursos relacionados coas funcións propias dos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

postos a ocupar: ata un máximo de 1,5 puntos.

A estes efectos, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días a xornada completa. A experiencia laboral acreditarase coa presentación de fotocopia compulsada ante notario ou polo Concello de Carral dos contratos de traballo e da vida laboral e a realización dos cursos cunha fotocopia compulsada ante notario ou polo Concello de Carral. O informe da vida laboral debe estar actualizado.

5.3.- Entrevista persoal: (2 puntos)

Realizarase unha entrevista persoal a cada unha das persoas aspirantes onde se valorará a especial aptitude e o coñecemento do medio para as tarefas pretendidas.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.- Os membros do órgano de selección serán designados pola Alcaldía, ao abeiro do establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición publicarase no taboleiro de anuncios do Concello.

Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

2.- Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade convocante. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

6.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

DILIXENCIA Para facer constar que a Alcaldía/AGL/Pleno aprobou o presente Expediente Admilitivo tomou razón deste documento o día 16 de 5 de 2017
A SECRETARÍA AGTDL

7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requerida e de realizar unha valoración preliminar das solicitudes, valoración que deberá presentar á alcaldía unha vez rematado o prazo de solicitudes de instancias.

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro e na web do Concello, outorgándose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou subsanacións nos termos establecidos no artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional. Nesta mesma resolución recollerase a composición do tribunal e o lugar, hora e data da celebración da entrevista profesional.

Previamente á entrevista persoal, os membros do tribunal reuniranse para valorar a documentación presentada coa instancia para participar no presente procedemento. A valoración destes méritos publicarase de forma global coa puntuación acadada na entrevista profesional conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións.

Finalmente, o alcalde ou órgano delegado resolverá a contratación da persoa que maior puntuación acadase nesta selección.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, exclusivamente, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.carral.es).

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia a aquela persoa candidata que máis antigüidade teña coma inscrita no Servizo Público de Emprego. No caso de que un mesmo candidato opte aos dous postos de peóns por períodos de contratación distintos e quedase de primeiro nos dous, será seleccionado para o posto que marcarse como preferente, pasando o seguinte na lista para o posto vacante.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os aspirantes propostos para ocupar os postos deberán presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación:

- Copia compulsada da tarxeta de desemprego.
- Copia compulsada da tarxeta da seguridade social
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.

De non presentarse dita documentación pola persoa con maior puntuación no prazo de dous días hábiles procederase ao chamamento da seguinte persoa con maior puntuación no procedemento de selección.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e os aspirantes seleccionados.

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, os aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha. A partir da sinatura do contrato o traballador recibirá ao mes a cantidade total de 1.225,70€ (1.050,60€ en concepto de salario bruto e 175,10€ pola parte proporcional mensual da paga extra).




Carral, 26 de abril de 2017

O alcalde

José Luís Fernández Mouriño

DILIGENCIA: Para saber constar que Alcalde (Sr. Mouriño) aprobou de xeito definitivo tomou razón desta documentación o día 16 de 5 de 2017. CUSTODIAR EN ACCIUAL



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 1

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/a provisto/a de D.N.I.
 nº con endereço na
 R/ nº piso
 C.Postal Localidade
 Municipio Provincia Teléfono

Enterado/a do posto de traballo que o Concello de Carral pretende cubrir para

PEÓN (CATRO MESES)

PEÓN (ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2017)

DILIXENCIA: Para facer constar que o Alcalde (XO) de Carral aprobou a convocatoria de concurso para peóns (7 plazas) como tal (último de concurso do día 16 de 5 de 2017).
 SECRETARÍA ACCTAL

DECLARO:

1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade e sen obxección ningunha as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ao referido concurso, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Xunto coa instancia, achego a seguinte documentación:

- Copia compulsada do D.N.I en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).
- (ANEXO II).- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente.-
- Documentación que acredite algunha das circunstancias recollidas no punto 2.1 das bases publicadas no BOP nº 243 do 26 de decembro de 2016 e no punto 4 e 5 das presentes.
- (ANEXO III).- Relación de méritos que se xustifican e forma de acreditación.-

3º.- Marcar só en caso de presentarse aos dous postos:

- Preferencia no posto de peón por un período de catro meses dentro da anualidade 2017**
- Preferencia no posto de peón dende o momento de contratación ata o 31 de decembro de 2017**

Carral, de de 2017

Asdo.



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 I

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a..... provisto/a de D.N.I. nº.....
con enderezo na R/..... núm. piso.....
C.P..... Localidade..... Municipio.....
Provincia..... Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

Carral,.....de.....2017

Asdo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o Alcalde/Alcalde/a aprobou o presente Expediente de Incompatibilidade e admitivo tomou razón (s) deste documento a día 16 de 5 de 2017.
O SECRETARIO ACCIÓCAL



